



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 18)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e sete de abril de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos e D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de abril de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela, coa finalidade común de colaborar na realización da actividade consistente no “Aproveitamento sostible da planta medicinal ameazada Árnica Montana L. en Galicia”.*

Logo de ver a solicitude presentada por D. Andrés Barreiro Lois, Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico da Universidade de Santiago de Compostela de data 14 de febreiro de 2018, de Convenio de cooperación para a realización conxunta da actuación de “Aproveitamento sostible da planta medicinal ameazada Árnica Montana L. en Galicia”; con dita solicitude acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e de Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria / proxecto da actuación interesada. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este Convenio. Con data 23 de abril de 2018 achegan por correo electrónico nova solicitude de convenio de colaboración con corrección dos importes solicitados.



Resultando que este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e esta Entidade Provincial, para realizar a actividade consistente no aproveitamento sostible da planta medicinal ameazada *Árnica Montana L.* en Galicia nos anos 2018-2019, non constituíndo prestacións propias dos contratos para o que se comprometen a realizar aportacións segundo a desagregación que figura no borrador de Convenio na súa cláusula quinta, e os restantes compromisos asumidos no seu clausulado.

Logo de ver que os estudos obxecto deste Convenio, céntranse en tres campos de actuación:

1. Análise da diversidade xenética a nivel inter e intrapoboacional de *Árnica Montana L.* en Galicia para definir unidades de xestión e establecer estratexias de aproveitamento sostible das súas poboacións.

2. Experiencias de cultivo buscando solucións respectuosas co medio especialmente coa conservación da biosfera da biodiversidade das poboacións naturais de *Árnica* e ao mesmo tempo que sirvan para abrir alternativas rendibles economicamente para o sector agrario galego.

3. Exploración da posibilidade de realizar transformacións en Galicia que vaian máis alá do secado e troceado coa finalidade de incrementar o valor engadido e a repercusión económica e de creación de emprego na nosa terra.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, que é o desenvolvemento de actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas nos anos 2018-2019, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas, cunha valoración económica total de 22.700,00 € e distribuídas en dúas anualidades:

Anualidade	Aportación Deputación	Aportación USC
2018	10.300,00€	620,00€
2019	10.775,00€	1.005,00€
TOTAL	21.075,00€	1.625,00€

Logo de ver os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns do “Aproveitamento sostible da planta medicinal ameazada *Árnica Montana L.* en Galicia”.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte desta Entidade provincial, para o financiamento das actuacións contempladas en dito Convenio, que ascende á contía máxima de 21.075,00 euros, 10.300,00 euros con cargo ao vixente orzamento xeral desta Deputación para a anualidade 2018, e o importe restante de 10.775,00€ queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, adquirindo a Deputación o compromiso de engadir no orzamento do ano 2019 a citada contía.

Segundo.- *Proposta relativa ao Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo, para a execución dos fins comúns consistentes no “Desenvolvemento das actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2018”.*

Logo de ver a solicitude de relación interadministrativa (público-público) presentada por D. Andrés Barreiro Lois, Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico da Universidade de Santiago de Compostela de data 20 de marzo de 2018, á que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autónoma impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; con dita solicitude achégase memoria de actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2018, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer fins compartidos por ambas partes, en dita memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este Convenio.



Logo de ver o expediente administrativo relativo a dito Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación cooperativa ou de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, esta Excma. Deputación Provincial, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de desenvolver as actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2018, non constituíndo prestacións propias dos contratos, para o que se comprometen a realizar aportacións segundo a desagregación que figura no borrador de Convenio na súa cláusula cuarta, e os restantes compromisos asumidos no seu clausulado.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións a as dúas entidades de dereito privado, que é o desenvolvemento de actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas ano 2018, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas:

Aportación da Deputación	Aportación da USC	Aportación da Caixa Rural Galega
9.500,00€	3.300,00€	50.000,00 €

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre esta Excma. Deputación Provincial, a Universidade de Santiago de Compostela, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes no “Desenvolvemento das actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas no ano 2018”.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 9.500,00 euros con cargo ao vixente orzamento xeral desta Entidade Provincial para a anualidade 2018.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DAS SUBVENCÍONS OUTORGADAS A ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Resultando que con data 8 de setembro de 2017 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I. O extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 221 do 25 de setembro de 2017.

Resultando que con data 2 de novembro de 2017 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV.

Resultando que con data 29 de decembro de 2017 a Xunta de Goberno aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 1 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Tendo en conta que as seguintes entidades beneficiarias renuncian ás subvencións outorgadas :

CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	SUBVENCION	D. RENUNCIA
BE4/A-17-29858	GUADALUPE VARELA SANCHEZ	3.794,76 €	19/04/2018
BE4/A-17-30237	TERRAS DA MARIÑA. S.COOP GALEGA	9.714,42 €	06/04/2018
BE4/A-17-30665	A CONFIANZA C.B	7.757,28 €	13/04/2018

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



Aceptar as renuncias das empresas anteriormente mentadas.

4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da Sentenza nº 81/2018 de 7 de marzo da Sec. 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no Recurso de Apelación nº 4501/2016, interposto por BTA Insurance Company SE, fronte á Sentenza nº 250/2016 de 7 de xullo, ditada no Procedemento Ordinario 242/2014 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola que se desestima o recurso interposto e se fai a imposición de custas procesuais á parte apelante no límite de 1.000 euros; e en cuxo fallo di o seguinte: “1) *Desestimar el recurso de apelación interpuesto por BTA Insurance Company SE, contra la Sentencia nº 250/2016 de 7 de julio de 2016, dictada en autos de PO nº 242/2014 del Juzgado de lo Contencioso administrativo nº 2 de Lugo.* 2) *Hacer imposición del pago de las costas procesales a la parte apelante dentro del límite de 1.000 euros por todos los conceptos*”. A Xunta de Goberno queda enterada.

5.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.